

I PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

DO CONCELLO DE VEDRA

2009-2013



**Concello
de Vedra**



I PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES
DO CONCELLO DE VEDRA, 2009-2013





ÍNDICE

PRÓLOGO	6
1. INTRODUCCIÓN	7
2. MARCO TERRITORIAL	8
3. OBXETIVOS DO PLAN	11
4. PROCESO DE ELABORACIÓN DO I PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DO CONCELLO DE VEDRA	12
5. PRINCIPIOS ORIENTADORES	14
6. ÁREAS DE ACTUACIÓN DO PLAN	16
I. SENSIBILIZACIÓN	17
II. DIFUSIÓN E INFORMACIÓN	19
III. VIOLENCIA DE XÉNERO	21
IV. FORMACIÓN E EMPREGO	24
V. CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL FAMILIAR	30
VI. ASOCIACIONISMO E VOLUNTARIADO	32
VII. PARTICIPACIÓN NA VIDA SOCIAL E POLÍTICA	36
VIII. EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE	38
IX. SAÚDE	52
X. SERVIZOS SOCIAIS	55
XI. URBANISMO E VIVENDA	57
XII. CONSUMO E MEDIO AMBIENTE	59
7. ESTRUCTURA OPERATIVA, TEMPORALIZACIÓN E ORZAMENTO	61
8. MARCO XURÍDICO	65
9. AVALIACIÓN	69



PRÓLOGO

Cando falamos da integración social extensiva da muller, reparamos case en exclusiva na diversificación da súa actividade entre o ámbito doméstico e laboral, o cal lle supón unha maior carga de responsabilidades e unha menor dispoñibilidade do seu tempo. A plena incorporación social feminina require o recoñecemento da realidade persoal e da necesidade de cambio. Que as mulleres sexamos conscientes da nosa situación e das nosas capacidades é un paso imprescindible cara a igualdade de oportunidades.

É labor das administracións promover e implementar as medidas axeitadas para que igualdade de oportunidades sexa real e efectiva, e moi particularmente da administración local por ser coñecedora de primeira man da realidade social do seu entorno. As accións que con tal obxectivo se poidan efectuar han de contar cun estudo de campo previo que dea conta das necesidades e demandas e logo darlles traslado a un marco integrador de actuacións en todos os eidos sociais: o Plan de Igualdade.

Contar cun instrumento promotor da igualdade tal como o Plan de Igualdade é especialmente necesario no ámbito rural debido ó arraigo dos estereotipos de xénero, os cales condicionan a plena participación da muller no eido social e aínda inciden no recoñecemento da súa realidade persoal e na autovaloración das capacidades e habilidades persoais.

Nos últimos anos o Concello de Vedra, consciente desta realidade limitadora da integración social feminina, ven desenvolvendo, entre outros, diversos programas e actuacións no eido da integración, a formación, a corresponsabilidade e a sensibilización. Se ben estas accións teñen como obxectivo último acadar igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, faise necesaria a creación dunhas directrices executivas que as integren de xeito que ningún ámbito social quede desatendido. Tal é o reto desde I Plan de Igualdade do Concello de Vedra, que esperamos contribúa ó empoderamento da muller vedresa e cree conciencia.



Lucía González Louro
Concelleira de Servizos Sociais e Cultura



1. INTRODUCCIÓN

Na vida cotiá danse constantemente situacións de desigualdade entre homes e mulleres. A pesar de que podemos falar dunha importante evolución a nivel xeral nos últimos anos que trae consigo un cambio social, continúan existindo no noso Concello circunstancias que limitan o desenvolvemento da muller como persoa e cidadá activa. A realidade amósanos a muller como responsable de cargas familiares e sociais que non lle corresponden en exclusiva, e sobre as que debemos facer incidencia. Ademais, as actividades que desempeñan non están suficientemente valoradas e non acceden a redes informativas eficaces. Cando falamos de evolución, en gran parte, atópase marcada pola progresiva incorporación da muller ao mercado de traballo, pero a pesar dos avances, a súa presenza segue a ser minoritaria. Os postos que ocupan son de baixa cualificación, existindo un gran número de mulleres ocupadas en traballos temporais e de economía somerxida.

En moitos casos, segue sendo excluída a figura da muller dos ámbitos de decisión e poder, polo que se debe buscar unha maior participación en tódolos eidos existentes.

Cada unha destas realidades acabadas de nomear, non deixan de ser exemplos que deben sumarse a un gran conxunto de situacións inxustas que se dan cada día. Todas elas xustifican a necesidade e conveniencia da elaboración do I Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades do Concello de Vedra.

Este plan constitúe un conxunto de medidas que buscan impulsar e desenvolver unha política que oriente as prácticas en materia de igualdade de oportunidades en toda a acción municipal. Así mesmo, pretende repercutir no benestar e na calidade de vida dos membros do concello. Os poderes públicos do ámbito local, pola súa proximidade á poboación, representan o marco idóneo para o seu desenvolvemento, traendo consigo un compromiso por parte dos responsables da xestión municipal de traballar para facer realidade o principio de igualdade.

Para dirixir as diferentes actuacións e medidas, faremos unha diferenciación por áreas de intervención, nas cales se establecerán as necesidades manifestadas en cada unha delas. Con este percorrido, estableceranse os obxectivos específicos de cada área para determinar as medidas que se aplicarán, e todas elas no seu conxunto, contribuirán a acadar o obxectivo xeral:

“Promover a integración da Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres no deseño, execución e avaliación de tódalas medidas e actuacións que se concreten nas diferentes políticas municipais”.

É moi importante establecer mecanismos de avaliación e seguimento para ver si as medidas establecidas son as idóneas e con elas se acadan os obxectivos propostos, así como para a modificación e mellora de posteriores plans.

Un factor determinante, é o ámbito e tipo de sociedade o que vai dirixido. Polo tanto, comezaremos vendo as características e peculiaridades que presenta o Concello e os seus habitantes.

2. MARCO TERRITORIAL

O plan que estamos a presentar é de ámbito municipal, polo que vai dirixido ao conxunto da poboación do concello. Este, conta con 5.088 habitantes, segundo os datos recollidos polo INE no ano 2007, e cunha superficie de 52 kilómetros cadrados aproximadamente, nos cales se comprenden as 12 parroquias que o conforman. Ao mesmo tempo, estes núcleos poboacionais están divididos en numerosas aldeas.

Vedra é un municipio de ámbito rural na súa totalidade e atópase situado no corazón de Galicia, limitando cos concellos de Santiago de Compostela, Boqueixón, A Estrada e Teo. Forma fronteira entre as provincias de A Coruña e Pontevedra, pertencendo na súa totalidade á primeira.

As principais vías de comunicación e acceso son: a N-525 e a LC-241, estando despois compostas por un gran número de vías secundarias que nos achegan a cada un dos lugares deste municipio.

O seu relevo caracterízase por un pronunciado declive dende as alturas dos límites co Pico Sacro, alcanzando os 450 metros de altitude, ata as frondosas ribeiras do Ulla. Este río marca en moi boa parte a xeografía do concello, que atravesa gran parte do territorio e recolle, así mesmo, as augas doutros afluentes como o Pereiro, o Tomonde, O Buxeiros ou o San Cristovo.

A orientación das terras miran ao sur. A súa principal actividade agrícola está especializada en froitas, hortalizas e viñedos. A pesar diso, o sector agrícola desta zona pasou de ocupar unha gran porcentaxe de poboación, a xogar un papel de menor importancia. Por outra banda, o sector secundario adícase na súa maioría, á elaboración e transformación dos produtos da zona, contando con pequenas industrias. Pero é o sector servizos o que ocupa a maioría da poboación activa, datos que veremos na área de emprego e que debemos ter moi en conta para orientar a nosa intervención.




Os datos que presentamos a continuación, danos unha orientación da poboación destinataria deste Plan:

DATOS DE POBOACIÓN

IDADES	SEXO		TOTAL
	HOMES	MULLERES	
0-15 ANOS	287	289	576
16-64 ANOS	1746	1707	3453
65 ANOS E MÁIS	415	644	1059
TOTAL	2448	2640	5088

FONTE: IGE 2007



Como se pode observar nos datos que nos amosa a táboa, Vedra presenta unha poboación envellecida, posto que as cifras correspondentes ao número de habitantes maiores de 65 anos acadan os 1059. Esta información débemola ter en conta á hora de plantexar as actuacións, posto que os maiores constitúen un colectivo de especial importancia por diferentes motivos. Pero o certo, é que dese número, existen moitas máis mulleres ca homes, polo que a temática de igualdade debe estar moi presente á hora de dirixirnos a elas e a eles.

A continuación presentamos outro cadro de datos referentes aos movementos poboacionais do municipio:

MOVEMENTOS POBOACIONAIS	SEXO		TOTAL
	HOMES	MULLERES	
NACEMENTOS	20	15	35
DEFUNCIÓNS	29	21	50
MATRIMONIOS	25		
SALDO VEXETATIVO	-15		

FONTE: IGE 2007

Cos datos desta táboa vemos como hai máis defunciós que nacementos, polo que o saldo vexetativo é negativo e de seguir este porcentaxe a poboación seguirá diminuindo. Unha explicación a isto, son as dificultades existentes na conciliación da vida familiar e laboral, polo que nesta área a intervención debe dirixirse a lograr unha igualdade na corresponsabilidade das tarefas do fogar e equiparar a situación de homes e mulleres.

Ademais destes datos poboacionais a nivel xeral, en cada unha das áreas farase un pequeno estudo da situación concreta para marcar as liñas de actuación do plan para acadar os diferentes obxectivos



3. OBXECTIVOS DO PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE

- **OBXECTIVO XERAL**

- Promover a integración da Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres no deseño, execución e avaliación de tódalas medidas e actuacións que se concreten nas diferentes políticas municipais.

- **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- Promover un cambio de actitudes na sociedade, fomentando unha concienciación en materia de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Dar a coñecer os servizos e recursos existentes e favorecer o acceso aos mesmos, para promover a participación social e a concienciación da poboación nesta temática.
- Previr e mellorar a situación das mulleres vítimas de malos tratos, en busca do cumprimento dos seus dereitos.
- Favorecer o acceso das mulleres ao ámbito laboral e mellorar a súa formación.
- Promover o reparto equilibrado das responsabilidades entre homes e mulleres, así como favorecer a conciliación da vida familiar e laboral.
- Impulsar e fomentar a participación das mulleres no ámbito asociativo.
- Equiparar a participación social e política de mulleres e homes no municipio.
- Fomentar unha maior presenza de mulleres nos ámbitos de educación, cultura e deporte, e fomentar nos mesmos a desaparición de aspectos desigualitarios.
- Detectar as problemáticas existentes en materia de saúde nas mulleres de Vedra e mellorar a información referente a esta temática.
- Mellorar os recursos e servizos sociais destinados á area da muller, existentes no municipio.
- Facilitar o acceso e lograr a integración plena das mulleres, nos ámbitos da vivenda e o medio no que se relaciona.
- Fomentar un consumo igualitario entre homes e mulleres e acadar unha participación igualitaria en materia de medio ambiente.

4. PROCESO DE ELABORACIÓN DO I PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DO CONCELLO DE VEDRA

Tal e como se establece na introducción do plan, a finalidade última do mesmo é acadar un ámbito máis igualitario entre homes e mulleres, e facer da institución municipal un modelo e exemplo de implementación da perspectiva de xénero. Feito necesario para acadalo, é ter unha vontade de compromiso e consenso político que impulsen as medidas necesarias. Para iso, levarase a cabo:

- Impulsar tódalas medidas contempladas no plan para a súa execución.
- Traballar e colaborar co aparato político, administrativo e sindical para a ampliación das leis e normas que se fosen promulgando e favorecendo a igualdade.
- Diseñar os indicadores de avaliación precisos para o seguimento do plan.

O I Plan de Igualdade de Oportunidade, defínese como unha acción municipal a desenvolver e coordinar dentro do propio concello. Ademais leva a cabo funcións de apoio, impulso e cooperación con outras asociacións e entidades do marco territorial que, dende os seus respectivos ámbitos, traballan pola igualdade e promoción da muller.

Para levalo a cabo e ver que o cumprimento dos obxectivos e medidas se cumpren, crearase unha *comisión transversal*, por medio dun grupo de traballo técnico e administrativo. Esta terá carácter consultivo, informativo e executivo. Polo tanto, encargárase do proceso e elaboración e execución do plan.



O proceso de elaboración do plan, contará polo tanto coas seguintes fases, nas cales se irán determinando os diferentes aspectos a ter en conta:

- 1ª FASE: DE INVESTIGACIÓN.

Nela farase unha recollida de datos, tanto cuantitativos coma cualitativos, acerca do ámbito de aplicación do plan. Nesta fase estableceranse as áreas de intervención nas que se vai facer incidencia por medio das medidas a aplicar, e elaboraranse un pequeno análise das necesidades de cada unha delas e datos explicativos da realidade existente.

- 2ª FASE: DETERMINACIÓN DE OBXECTIVOS.

En base aos datos referentes a cada unha das áreas, marcaranse nesta fase os obxectivos a acadar, tanto os xerais coma os específicos.

- 3ªFASE: ESTABLECEMENTO DE ACTUACIÓNS.

Para acadar os obxectivos marcados, será preciso determinar as medidas a levar a cabo para acadar cada un deles. Elaboraranse nesta fase os cadros de actuacións, relacionando cada un deles cos obxectivos correspondentes.

- 4ª FASE: POBOACIÓN DESTINATARIA.

O conxunto das medidas do plan, van destinadas ao conxunto dos habitantes do concello. Non obstante, cada unha das actuacións propostas, teñen uns destinatarios concretos, que se deberan de concretar nesta fase.

- 5ª FASE:INDICADORES DE AVALIACIÓN.

Xa como último paso na elaboración do plan, estableceranse os indicadores a empregar para efectuala avaliación e analizar a eficacia do mesmo.



5. PRINCIPIOS ORIENTADORES

O I Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Vedra supón un marco de actuación municipal que integra unha política de xénero a tódolos niveis. Este Plan propón unha serie de medidas que manifestan os compromisos que en materia de igualdade se compromete a asumir o Concello de Vedra. Podemos consideralo unha referencia para todas aquelas actuacións levadas a cabo en materia de Igualdade durante o seu período de vixencia. Con este plan adquirese o compromiso de impulsar medidas para acadar o obxectivo principal e coordinar os organismos implicados, asegurándose dunha correcta execución.

Os principios orientadores que han de orientarnos no desenvolvemento deste Plan son:

I. PARTICIPACIÓN:

Con este principio búscase facer partícipes ao conxunto da poboación, logrando que colaboren todos no camiño de cara acadar as metas propostas e acadar unha colaboración para levar a cabo cada actividade realizada, tanto directa como indirectamente.

II. COORDINACIÓN:

Para acadar os obxectivos deste plan, debemos implicar tódolos servizos e programas existentes no ámbito municipal, así como informar e derivar sobre outros especializados nesta materia. A pesar de que cada departamento ou entidade ten unhas funcións específicas á desempeñar, é importante que entre elas exista unha boa comunicación e implicación mutua nos intereses deste plan, para optimizar recursos e lograr a transmisión de valores á tódolos ámbitos.

III. VIBILIDADE:

Facer visibles as diferenzas entre homes e mulleres, para facilitar o recoñecemento das desigualdades e discriminacións que con elas se producen. Visibilizar as mulleres a través da súa contribución ao desenvolvemento da sociedade, valorando o traballo que tradicionalmente foron desempeñando, empregando un vocabulario non sexista, facendo unha reflexión sobre a inxustiza dos privilexos nunha sociedade democrática e a pervivencia de papeis sociais discriminatorios.



IV. INCLUSIÓN:

As medidas e actuacións educativas diríxense ao conxunto da comunidade. Para o fomento de valores en igualdade, requírese unha intervención dirixida tanto a homes como a mulleres, para corrixir os desaxustes producidos por cambios desiguais nos papeis tradicionais, para conciliar intereses e crear relacións de xénero máis igualitarias. Actuacións encamiñadas a integrar as mulleres na totalidade dos ámbitos existentes.

V. TRANSVERSABILIDADE:

Os principios de igualdade deben estar presentes en todos e cada unha das actuacións emprendidas pola administración pública e os demais entes que se inclúen neste plan. Polo tanto, esta perspectiva de xénero incluírase nos procesos de elaboración, desenvolvemento e seguimento das accións incluídas neste ámbito.



6. ÁREAS DE ACTUACIÓN DO PLAN

Para a posta en marcha do Plan e con el acadar o obxectivo xeral, debemos facer unha intervención plena no conxunto da sociedade e achegar coas actuacións propostas a cada unha das áreas do municipio. Con esta diferenciación, marcaremos obxectivos específicos de cada unha das áreas, para concretar as liñas de actuación e intervencións a levar a cabo, formando ao mesmo tempo un conxunto integrado de medidas cunha coordinación entre todas. As áreas diferenciadas son as seguintes:

- I. SENSIBILIZACIÓN
- II. DIFUSIÓN E INFORMACIÓN
- III. VIOLENCIA DE XÉNERO
- IV. FORMACIÓN E EMPREGO
- V. CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR
- VI. ASOCIACIONISMO
- VII. PARTICIPACIÓN NA VIDA SOCIAL E POLÍTICA
- VIII. EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE
- IX. SAÚDE
- X. SERVIZOS SOCIAIS
- XI. URBANISMO E VIVENDA
- XII. CONSUMO E VIVENDA

Neste Plan, marcarase un obxectivo xeral a acadar para cada área e varios obxectivos específicos coas correspondentes actuacións dirixidas ao seu cumprimento. Para orientar a intervención proposta, antes deberase facer un pequeno análise da realidade municipal existente nese campo, e ver cales son as necesidades da poboación e as principais demandas, para na medida do posible, adaptar as actuacións as peculiaridades da zona. Ver os recursos existentes na zona para poder optimizar recursos e levar a cabo as propostas, tamén é un aspecto importante a valorar en cada unha das áreas, para integrar medidas de igualdade nos programas municipais que xa están a funcionar.

A continuación preséntase o percorrido feito polas diferentes áreas, así como obxectivos contextualizados.



I. SENSIBILIZACIÓN

A sensibilización do conxunto da cidadanía é un principio fundamental para poder abordar cada unha das metas propostas. Con ela referímonos a que na maior medida do posible, se logre unha concienciación en materia de igualdade de oportunidades, e que se manifeste en cada un dos ámbitos. Polo tanto, non podemos limitar este ámbito a unha sola actuación, senón que o principal obxectivo é fomentar esta perspectiva en todas e cada unha das medidas propostas no presente plan, para lograr unha visión de conxunto en materia de igualdade.

Esta meta é moi importante posto que coa concienciación da sociedade acadaríase un gran avance en cada un dos aspectos da vida diaria. Moitas das limitacións e das diferencias existentes na sociedade, son pola ideoloxía que se mantén en gran medida no conxunto da poboación. Con este plan búscase implicar e facer partícipes. Que as medidas non se leven a cabo como feitos concretos e instrumentais, senón que teñan implicitamente unha concienciación e sensibilización acerca desta temática.

Coas campañas de difusión e información, chegamos ao conxunto da poboación sobre as medidas e recursos que se levan a cabo, pero o principal é fomentar con todas elas valores en materia de igualdade.



ÁREA: SENSIBILIZACIÓN	
OBXETIVO XERAL:	- Promover un cambio de actitudes na sociedade, fomentando unha concienciación en materia de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
OBXETIVOS ESPECÍFICOS	
OBXETIVO 1	- Introducir a perspectiva de xénero en todas as actuacións do municipio de Vedra.
ACTUACIÓNS	- Implicar tódolos departamentos municipais na incorporación dunha perspectiva de xénero en cada unha das súas actuacións.
	- Establecer convenios de colaboración con outras institucións para o desenvolvemento conxunto de proxectos dirixidos a reforzar a igualdade de oportunidades.
	- Revisar e actualizar o uso da linguaxe non sexista en toda a normativa e documentación emitida dentro do ámbito administrativo local.
OBXETIVO 2	- Facilitar encontros ou experiencias que inculquen valores en materias de igualdade.
ACTUACIÓNS	- Promover intercambios de experiencias en materia de igualdade, para un maior enriquecemento e fomento de relacións interpersoais.
	- Realizar actos e xornadas que integren a igualdade como temática a tratar.
OBXETIVO 3	- Fomentar valores de igualdade no conxunto da poboación.
ACTUACIÓNS	- Transmitir a través das imaxes municipais do concello principios de igualdade.
	- Emprego dende as administracións públicas dunha linguaxe non sexista.
	- Difusión de principios igualitarios por medio de textos temáticos e relatos.

II. DIFUSIÓN E INFORMACIÓN

Achegar a poboación aquela información que lle poida ser de interese e difundir tódolos principios e actuacións do plan, é fundamental para o seu propio cumprimento. É importante a optimización de recursos, polo que tamén se deben dar a coñecer outros recursos aos que poidan ter acceso fóra do ámbito municipal.

Na difusión do Plan e das medidas que se pretenden establecer para levalo a cabo, realizarase unha campaña dirixida ao conxunto da cidadanía. O obxectivo da mesma é que a poboación do concello de Vedra coñeza todas as actuacións levadas a cabo. Isto é necesario para que poidan tomar parte nos diferentes proxectos que se presentan. A pesar dunha boa difusión, proporcionarase información e asesoramento a todos aqueles que así o soliciten, por medio da Administración Pública que contará con persoal dirixido á atención de cada unha das dúbidas ou consultas que se realicen neste ámbito.

Cada proxecto contará coa súa propia medida de difusión, e no seu conxunto o *I Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades do Concello de Vedra* debe presentarse publicado para que todos poidan ter acceso ao mesmo.

Os instrumentos xa existentes a nivel municipal de comunicación, empregaranse como recursos para cumprir o establecido nesta área. Estas vías de son: o Boletín Municipal, a páxina web do concello, os paneis informativos municipais, e outros como as programacións dos diferentes departamentos municipais nos que se pode incluír información de interese. Outros ámbitos de importante difusión, son os centros escolares, o centro de saúde, os espazos destinados a actividades culturais (como poden ser as casas culturais), e instalacións municipais. Ademais de integrar esta información nos medios xa existentes, levarase a cabo unha campaña de difusión con folletos e carteis propios, así como outras medidas que se estimen oportunas para chegar ao maior número de habitantes posible.

Para poder acadar unha participación nas propostas e actividades do plan, deben cumprirse os obxectivos desta área de difusión, así como o chamamento a colectivos específicos con importante participación social, con cartas personalizadas, como poden ser as asociacións de mulleres ou de iniciativas sociais.

Tamén se debe tratar de difundir unha visión igualitaria con actuacións implícitas. É dicir, dar unha visión de xénero e implicar esta perspectiva nas diferentes actuacións. Non só nos debemos limitar as propostas do plan, senón que se debe incluír a visión de igualdade en tódolos aspectos e ámbitos existentes no municipio.

Non somos conscientes de todas e cada unha das desigualdades existentes, por iso outros dos obxectivos que se buscan é o de acadar a súa identificación, para a partir delas difundir as desigualdades que nos rodean día a día na nosa realidade social. Nesta área o importante é chegar á poboación, polo que a temos que ter en conta, vendo as súas dúbidas e orientar así a información facilitada, así como estudar cada unha das propostas que chegan a este ámbito. A continuación veremos os obxectivos e actuacións propostas:

ÁREA: DIFUSIÓN E INFORMACIÓN	
OBXECTIVO XERAL:	- Dar a coñecer os servizos e recursos existentes e favorecer o acceso aos mesmos, para promover a participación social e a concienciación da poboación nesta temática.
OBXETIVOS ESPECÍFICOS	
OBXECTIVO 1	- Dar a coñecer ao conxunto da poboación, o I Plan de Igualdade cos seus propósitos e medidas.
ACTUACIÓNS	<p>- Realización dunha campaña de difusión e información do I Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Vedra.</p> <p>- Facilitar o acceso ao Plan a través de Internet por medio dun enlace na páxina web do concello.</p> <p>- Difundir os programas, proxectos e medidas que se establezan neste Plan mediante a publicación de materiais divulgativos en diferentes soportes.</p>
OBXECTIVO 2	- Informar acerca dos recursos e servizos existentes nos diferentes niveis de aplicación.
ACTUACIÓNS	<p>- Establecer publicacións periódicas de información que poidan ser de interese para o colectivo de mulleres, facilitando o acceso a tódalas medidas existentes nos diferentes niveis de aplicación.</p> <p>- Incluír a información relacionada nos distintos medios de comunicación existentes a nivel municipal.</p> <p>- Orientar as asociacións ou persoas individuais que así o requiran nesta materia.</p>
OBXECTIVO 3	- Difundir a visión dun concello igualitario, con propostas implícitas en cada unha das áreas de actuación.
ACTUACIÓNS	<p>- Realización de campañas de difusión de principios igualitarios por medio de textos temáticos e relatos incluídos nos diferentes medios comunicativos.</p> <p>- Implicar ao conxunto da sociedade na loita pola igualdade, por medio dun "<i>buzón de suxerencias</i>" posto ao alcance de todos os veciños do concello, onde poidan aportar ideas, coñecementos, etc.</p>

III. VIOLENCIA DE XÉNERO

A problemática da violencia de xénero, está moi presente na actualidade, polo gran número de casos que se dan cada día. Podemos considerar que se trata dun feito que está presente en toda a sociedade, posto que existen moitos casos que se sofren na intimidade e non chegan a recoñecerse, e outros moitos que non se recoñecen como tal maltrato. Pero o labor de concienciación é moi importante para previr futuros casos e a identificación dos xa existentes. Incidir nunha educación baseada en valores de prevención da violencia de xénero é fundamental para o futuro e no presente a intervención debe estar presente.

O termo violencia de xénero fai referencia non só a agresións físicas, senón que tamén chega ao ámbito psicolóxico, polo que debemos informar sobre os tipos de maltrato para aprender a identificalos e achegar ao conxuntos da poboación os distintos recursos existentes aos que acceder.

Esta problemática queda patente en tódolos ámbitos e marcos territoriais, pero centrándonos na realidade existente neste concello, cabe facer un breve análise dos datos rexistrados. No concello de Vedra, os datos estatísticos son positivos, posto que nos últimos anos calcúlase unha media de un expediente por ano dende servizos sociais, decrecendo nos últimos anos en relación con anos atrás, onde as intervencións en área de violencia de xénero eran máis numerosas. Incluso destacar que no último ano 2008 non se rexistrou ningunha intervención ata a data actual. Non obstante, débese ter en conta que estes datos só fan referencia ao número de casos nos cales se dá unha intervención dende servizos sociais, pero non teñen porque reflexar a realidade. Na actualidade son moitos os servizos existentes fora do ámbito municipal que se ofrecen para solventar esta problemática e aos que acoden as mulleres sen pasar polos servizos sociais municipais. Ademais, non todos os casos de malos tratos son denunciados ou incluso manifestados. A labor levada acabo dende o concello é de información de recursos cara unha derivación máis especializada, pero sen intervención directas.

A mellora na información e a amplitude de recursos, son cambios que se plantexan nos obxectivos desta área de actuación. Pero débense facer efectivos. Non debemos esquecer, que a muller que denuncia a súa parella, moitas das veces enfróntase a comezar unha nova vida independente, polo que principalmente, débese facilitar a súa integración plena na sociedade. Un dos aspectos máis importantes para logralo, é a inmersión no ámbito laboral, polo que se establecerán medidas que favorezan a este colectivo na súa loita por acadar un porto de emprego. Para iso, dende á administración pública tomaranse as medidas oportunas, e estableceranse convenios con empresas que faciliten a integración destas mulleres.

Moi directamente, e como labor da administración pública, está á de dotar de formación necesaria para poder ocupar novos postos de traballo. Para iso, estableceranse unhas bases que intentaran favorecer por medio de puntuación aditiva a admisión de mulleres que padeceran ou padezan esta problemática.

Para concretar máis a nosa intervención, vexamos o cadro de obxectivos e actuacións que se presenta a continuación, que irán plantexadas de cara a prevención antes de que teñan lugar os feitos e a actuación posterior.

ÁREA: VIOLENCIA DE XÉNERO	
OBXETIVO XERAL:	- Previr e mellorar a situación das mulleres vítimas de malos tratos, en busca do cumprimento dos seus dereitos.
OBXETIVOS ESPECÍFICOS	
OBXETIVO 1	- Optimizar os recursos existentes para aquelas intervencións que teñen como meta erradicar a violencia de xénero.
ACTUACIÓNS	- Realizar unha labor de coordinación entre a administración local e os distintos órganos implicados na consecución deste obxectivo.
	-Establecer un protocolo de intervención ante situacións de malos tratos, derivando aos servizos requeridos para levar a cabo unha intervención especializada.
	- Difusión da información referente a servizos e recursos relacionados coa problemática da violencia de xénero, tanto a nivel municipal como a outros niveis máis globais.
	- Establecer publicacións periódicas de información que poidan ser de interese para o colectivo de mulleres, facilitando o acceso a tódalas medidas existentes nos diferentes niveis de aplicación.
OBXETIVO 2	- Favorecer a integración plena do colectivo de mulleres maltratadas nos diferentes ámbitos.
ACTUACIÓNS	- Priorizar o acceso das vítimas de malos tratos aos diferentes programas municipais existentes, establecendo criterios favorecedores da súa integración.
	- Levar a cabo un seguimento con medidas de integración social, por medio de proxectos individualizados que se adapten as súas necesidades.

<p>OBXECTIVO 3</p>	<p>- Concienciar ao conxunto da poboación da importancia de erradicar e previr esta problemática.</p>
<p>ACTUACIÓNS</p>	<p>- Difusión de textos ou citas que fagan un achegamento á realidade social e a problemática existente.</p>
	<p>- Realizar actos conmemorativos de rechazo da violencia no día 25 de Novembro, como <i>día Internacional conta a violencia de xénero</i>.</p>
	<p>- Realizar actividades dirixidas á poboación escolar para a prevención de actos violentos, mediante estratexias e métodos de resolución de conflitos non violentos.</p>
	<p>- Establecer charlas e xornadas de sensibilización e formación en materia de violencia de xénero, no ámbito educativo, implicando alumnado, profesorado e as ANPAS.</p>



IV. FORMACIÓN E EMPREGO

Cando falamos de formación e emprego en igualdade entre mulleres e homes, temos que reflexar unha importante evolución nos últimos anos, coa crecente incorporación da muller ao ámbito laboral. Sen embargo, continúan existindo barreiras que dificultan o seu acceso e promoción profesional, como poden ser o reparto desigual das responsabilidades familiares ou os aínda presentes estereotipos sobre os tipos de traballo para homes e para mulleres. Polo tanto, debemos marcarnos como principal obxectivo eliminar as barreiras inculcando valores de igualdade nos accesos aos diferentes tipos de traballos, tanto os desempeñados no ámbito doméstico, como os realizados fora do mesmo. O soldo tamén debe ser equiparable, e non falar de diferencias para o desempeño da mesma categoría laboral.

Xa referíndonos a datos estatísticos que reflexan a realidade do concello no cal presentamos o noso marco de actuación, atopámonos con que as Taxas de Actividade seguen presentando cifras moi desiguais, sendo esta moito menor para as mulleres, cun 36,9 %, fronte ao caso dos homes que presentan un índice do 64 %. Estas cifras dannos datos moi significativos que se complementan coas Taxas de Paro, neste caso moito maiores no caso das mulleres.



DATOS SEGÚNDO TAXAS / SEXO

	SEXO		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
TAXA DE ACTIVIDADE	64 %	36´9 %	49´8 %
TAXA DE PARO	7´4 %	12´1 %	9´3 %

FONTE: CT 2007

PARO REXISTRADO POR IDADES / SEXO

IDADE	SEXO		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
MENORES DE 25	11	20	31
MAIORES DE 25	76	133	209
TOTAL	87	153	240

FONTE: CT 2007

Tendo en conta estes datos, vemos como a liña de actuación do plan debe dirixirse de cara a diminuír esta diferenca, ofertando mais posto de traballo a mulleres.



Se prestamos atención as diferencias que existen nos diferentes sectores, vemos que estas tamén se presentan claras.


EMPREGO POR SECTORES / SEXO

SECTORES	SEXO		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
AGRICULTURA	118	142	260
PESCA	-	-	-
INDUSTRIA	230	97	327
CONSTRUCCIÓN	323	9	332
SERVIZOS	562	498	1060

FONTE: CT 2007

Destacamos aquí o sector da Industria e da Construcción, ámbolos dous cun maior número de homes ca de mulleres. Son os sectores nos que se manteñen estas diferencias primordialmente, atopándonos outros sectores como o da agricultura ou servizos, nos que se manexan unhas cifras moito máis esperanzadoras. A pesar diso podemos falar de evolución, ao ampliarse a diversificación profesional das mulleres en ocupacións nas que non tiñan practicamente presenza e elevarse a outros niveis profesionais, pero este é un camiño que acaba de ter o seu punto de partida e no cal se debe seguir avanzando.

Se falamos de evolución, non só podemos facer referencia aos datos cos que nos atopamos na actualidade, senón para eso ollamos a pequena evolución que veu dada collendo datos comparativos, dende o 1991 fronte ao 2001. Neste caso os datos son máis esperanzadores, presentando unha mellora tanto nas Taxas de actividade, como nas de Ocupación. Esta evolución está sendo moi lenta, case non se percibe gran diferenza, pero o certo é que a Taxa de Actividade aumentou dun 33´1 % ata un 36´9 %. Menos esperanzadora resulta a Taxa de Paro presentou un aumento do máis do 1%.



Como medidas referentes a esta área, sería interesante o fomento do emprego na muller por medio de medidas de inserción nas empresas municipais, así como levando a cabo obradoiros de emprego para facilitar a formación en áreas coa finalidade de lograr un achegamento ao ámbito laboral a aquelas mulleres. Deberanse ter en conta aqueles sectores nos que a participación feminina é máis escasa, para facer especial incidencia neles e normalizar a situación das mesmas. Cumpriríanse así obxectivos de diferentes áreas, implicándose así en materia de emprego, formación, e sensibilización da poboación, posto que por medio delas se verá unha normalización desas situacións.



ÁREA: FORMACIÓN E EMPREGO	
OBXECTIVO XERAL:	- Favorecer o acceso das mulleres ao ámbito laboral e mellorar a súa formación ocupacional.
OBXETIVOS ESPECÍFICOS	
OBXECTIVO 1	- Coñecer a realidade existente, analizando problemáticas e oportunidades existentes neste ámbito de actuación.
ACTUACIÓNS	- Realizar un estudo sobre as necesidades formativas e a situación laboral das mulleres do municipio.
	- Elaborar unha recollida de opinións das mulleres do entorno por medio de cuestionarios que reflexen as súas propostas e puntos de vista.
	- Investiga as condicións de traballo das mulleres no Concello de Vedra, para coñecer os aspectos específicos das posibles discriminacións laborais existentes por razón de sexo.
OBXECTIVO 2	- Mellorar a formación profesional das mulleres que queiran acceder ou cambiar o posto de traballo.
ACTUACIÓNS	- Promover porcentaxes de reserva na participación das mulleres nos programas municipais de formación.
	- Fomentar a formación no ámbito as novas tecnoloxías, facilitando os recursos municipais existentes.
	- Potenciar a adquisición de experiencia profesional, mediante a realización de prácticas en empresas.
	- Implantar módulos temáticos de Igualdade naquelas accións formativas que se leven a cabo para a Inserción Sociolaboral.

<p>OBXECTIVO 3</p>	<p>- Promover a inserción no mercado de traballo, facendo especial incidencia en aquelas profesións que presentan unha escasa participación de mulleres.</p>
<p>ACTUACIÓNS</p>	<p>- Promover porcentaxes de reserva na participación das mulleres nos programas municipais de emprego.</p> <p>- Diseñar itinerarios de Inserción laboral das mulleres de xeito individualizado.</p> <p>- Facilitar información ao ámbito empresarial acerca de subvencións e acudas das contratacións existentes.</p> <p>- Apoio á iniciativa emprendedora dos proxectos levados a cabo por mulleres.</p>
<p>OBXECTIVO 4</p>	<p>- Impulsar a eliminación de estereotipos sobre os tipos de traballo e xerarquías no mundo laboral.</p>
<p>ACTUACIÓNS</p>	<p>- Visibilizar a mulleres que desempeñen oficios nos que estean pouco representadas</p> <p>- Visibilizar a homes que desempeñen oficios nos que estean pouco representados.</p> <p>- Fomentar valores de traballos en igualdade dende os centros educativos.</p>



V. CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR

Moi relacionada coa área de emprego está a dificultade de conciliación da vida laboral coa familiar. Son moitos os casos nos que as cargas familiares e as tarefas domésticas impiden, sobre todo ás mulleres, poder desenvolver un traballo remunerado fóra dos seus domicilios, dificultando así o logro dos obxectivos que se pretenden acadar con este plan. Esta diferenza aínda segue a existir, sendo habituais os domicilios nos cales as mulleres son as que cargan coas responsabilidades familiares e domésticas, e os homes desempeñan os empregos remunerados. Para poder facer que estas diferenzas desaparezan debe facerse unha labor de concienciación do reparto das tarefas e responsabilidades domésticas.

A posibilidade de conciliar a vida familiar, laboral e persoal, está directamente relacionada coa administración e usos do tempo. Este, para o desenvolvemento persoal e a mellora da calidade de vida, pode ser optimizado por medio de medidas que empreguen mecanismos de axuda mutua entre particulares.

Facendo un percorrido polo servizo cos que conta o concello na actualidade, vemos como existen medidas xa postas en funcionamento coas que debemos de colaborar e integrar nas actuacións deste plan. Como xa indicamos, un dos principios fundamentais é o de coordinación, co fin de integrar as propias medidas nas xa existentes e optimizar así recursos. Os obxectivos deste plan non só se acadan con propostas e alternativas individuais, senón que se debe integrar esta perspectiva dende tódolos ámbitos. Facendo un percorrido polos servizos proporcionados polo concello vemos os seguintes:

A Ludoteca Municipal, na cal se ofrece un espazo para os nenos e nenas, que conta con xoguetes e outros materiais lúdicos e no cal se desenvolven actividades de diferentes tipos. Ademais nela ofrecese un servizo de madrugadores, para aquelas unidades familiares con nenos e nenas, que desempeñen os seus traballos fóra do eido doméstico. Mediante el, pretendese axudar á conciliación das responsabilidades e prestar atención aos nenos antes do horario escolar. Dende este plan, debemos integrar esta proposta dentro das medidas existentes e así inculcar valores de igualdade dende estes ámbitos.

Outro servizo municipal a ter en conta dentro da conciliación é a gardería municipal, que ofrece coidado aos máis pequenos e na cal se debe educar seguindo a mesma liña de actuación do plan.

As actuacións propostas están moi relacionadas coa concienciación da poboación, así como facilitar o acceso ao traballo as mulleres con cargas familiares.

A gran dificultade amósase no traballo doméstico, no cal se debe introducir unha visión igualitaria á hora de compartir as tarefas so fogar. Para iso, os medios posibles son moi variados e desenvolveranse tendo en conta as finalidades deste plan, por medio de proxectos específicos. Estes poden ser instrumentos coma o teatro para a concienciación, manifestos, actos ou xornadas con temática deste tipo, debates ou outras moitas que se detallaran nos proxectos municipais.

ÁREA: CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR	
OBXECTIVO XERAL:	- Promover o reparto equilibrado das responsabilidades entre homes e mulleres, así como favorecer a conciliación da vida familiar e laboral.
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	
OBXECTIVO 1	- Sensibilizar á poboación do municipio sobre a importancia da corresponsabilidade no traballo doméstico.
ACTUACIÓN	- Realizar campañas de sensibilización, acerca do reparto equilibrado de responsabilidades entre homes e mulleres. - Traballar con mulleres e homes a perspectiva de xénero, para eliminar os estereotipos de identidades masculinas e femininas.
OBXECTIVO 2	- Mellorar e manter os servizos de conciliación existentes, para facilitar a compatibilidade das obrigas laborais e familiares.
ACTUACIÓN	- Establecer na medida do posible os servizos públicos demandados de conciliación. - Ampliar os horarios daqueles servizos con actividades alternativas que permitan acadar a conciliación da vida familiar e laboral. - Elaborar un proxecto de Bancos de Tempo a nivel municipal.
OBXECTIVO 3	- Facilitar o acceso das mulleres con cargas familiares ao ámbito laboral.
ACTUACIÓN	- Dirixir unha oferta de formación a mulleres cun horario axeitado para compatibilizalo coas demais obrigas e cargas familiares. - Apoiar os permisos compartidos de maternidade e paternidade ámbito laboral.

VI. ASOCIACIONISMO E VOLUNTARIADO

Podemos entender o termo “*Asociacionismo*” como un medio empregado para sumar esforzos e compartir ideais, levando a cabo respostas entre todos. Trátase dun movemento que ten a súa presenza no concello de Vedra cun importante número de entidades e unha alta participación. Moi relacionado ao mesmo, atópase o voluntariado, que se pode definir como o traballo que realiza unha ou varias persoas de xeito non remunerado.

Para acadar os obxectivos deste plan e a execución das actividades, son imprescindibles cada unha das áreas de incidencia, pero este colectivo presenta un especial interese pola súa implicación a nivel social e como un medio de sensibilización e difusión.

No *Rexistro Municipal de Asociacións* que recolle os datos referidos as mesmas, atópanse asociacións de veciños, deportivas e culturais, sumando un total de 78 entidades. Entre elas hai varias asociacións de mulleres das que se pode destacar a súa labor na loita pola igualdade en diferentes ámbitos. Estas deben ser tidas moi en conta á hora de establecer as medidas oportunas nesta área de aplicación do Plan de igualdade de oportunidades de Vedra. Unha das principais medidas debe ser prestar o apoio necesario dende a administración pública na consecución dos seus obxectivos. Para iso, unha que xa está en funcionamento é a Axencia Municipal para o Voluntariado e as Asociación, dende o cal se ofrecen servizos de información, asesoramento e formación para aquelas iniciativas sociais que se poñan en marcha no noso concello. Con este Plan, debemos seguir apoiando este servizo, dende unha perspectiva máis centrada en materia de fomento da igualdade dentro das asociacións, promovendo a participación das mulleres e levando a cabo con elas actividades relacionadas con esta materia. Dentro das propostas do plan de cara á participación das mulleres en cargos superiores os que viñan desenvolvendo ata a actualidade, vemos como son poucas as que ocupan o rango de presidencia nas asociacións culturais, posto que dun total de 40 asociacións, tan só 12 son presididas por mulleres. Outro grupo no cal poder facer incidencia pola importancia dentro deste movemento, sería as asociacións de veciños, nas cales toca resaltar que dun total de 16 asociacións, so existe unha muller que sexa presidenta de ditas entidades, sendo no restos dos casos os homes os que ocupen ese posto e no caso das deportivas, non aparece ningunha muller no cargo. Dende este plan, tamén se propón levar a cabo unha labor de difusión en materia de igualdade.

Aquí centraremos unha das nosas medidas nunha Asociación con nome propio: “Berenguela pola Igualdade”, dende a cal se establecen obxectivos de loita pola igualdade entre homes e mulleres.

Dende o voluntariado tamén nos atopamos cunha importante participación a nivel municipal. Son diversos os programas e ámbitos nos que desempeñan a súa labor: na área de servizos sociais, nos programas de prevención, inserción e educación familiar; ofrecendo servizos de compañía e lecer; no programa de desenvolvemento comunitario; na escola de verán; en protección civil, entre outros ámbitos e proxectos. A continuación mostramos datos en cifras para estimar a participación neste contexto facendo unha diferenciación por xénero.

SEXO		TOTAL
HOMES	MULLERES	
17	23	40
42,5 %	57,5 %	100,0 %

FONTE: REXISTRO DE DATOS DO CONCELLO 2008

A este colectivo de persoas voluntarias tamén se deben dirixir as actuacións deste plan, fomentando nel valores de igualdade por medio de actividades encamiñadas a acadar este obxectivo.

Como podemos ver, existe unha maior participación feminina, representando esta unha porcentaxe do 57,5 %. as accións realizadas tanto por mulleres coma por homes, deben ser de carácter igualitario, eliminando así as diferenciacións por cuestións de xénero. A continuación presentase o cadro de obxectivos e actuacións propostas neste plan para a área de asociacionismo e voluntariado.



ÁREA: ASOCIACIONISMO E VOLUNTARIADO	
OBXECTIVO XERAL:	- Impulsar e fomentar a participación das mulleres no ámbito asociativo e inculcar valores de igualdade no voluntariado.
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	
OBXECTIVO 1	- Desenvolver actuacións de promoción e formación que faciliten o asociacionismo de mulleres.
ACTUACIÓNS	- Promocionar e crear novas actividades no ámbito asociativo.
	- Prestar asesoramento as asociacións de mulleres xa existentes, para a planificación e desenvolvemento de actividades.
	- Realizar cursos de formación en materia de autoxestión das asociacións, orientadas en materia de igualdade.
OBXECTIVO 2	- Apoiar aquelas asociacións de mulleres na súa consolidación e actuacións dirixidas ao ámbito da muller.
ACTUACIÓNS	- Crear encontros con certa periodicidade, entre asociacións de mulleres, para un intercambio de experiencias e posta en común de valores compartidos.
	- Prestar apoio por medio de subvencións as asociacións de mulleres no desenvolvemento e planificación de medidas e actividades.
	- Crear unha casa de encontros das asociacións, onde levar a cabo intercambios, difusión das actividades realizadas polos ámbitos asociativos, e todas aquelas medidas que se establezan neste ámbito.
OBXECTIVO 3	- Lograr unha integración en tódalas áreas do movemento asociativo que se atope involucrado en materia de igualdade.
ACTUACIÓNS	- Involucrar as asociacións de mulleres na programación de actos e actividades levadas a cabo no ámbito da igualdade.
	- Propiciar a colaboración das asociacións de mulleres no deseño do presente plan, para que aporten suxerencias e problemáticas existentes na realidade social.

<p>OBXECTIVO 4</p>	<p>-Fomentar as asociacións a ocupar os postos de presidencia por mulleres</p>
<p>ACTUACIÓNS</p>	<p>- Sensibilizar á todas aquelas asociacións para que a representación feminina ocupe postos e cargos con maiores responsabilidades.</p> <p>- Apoio a aquelas asociacións que teñan no cargo da presidencia unha muller.</p>
<p>OBXECTIVO 5</p>	<p>- Inculcar valores de igualdade no ámbito do voluntariado.</p>
<p>ACTUACIÓNS</p>	<p>- Eliminar as desigualdades de xénero nas actividades desenvoltas por voluntarios e voluntarias, por medio dunha participación sen diferenciación algunha.</p> <p>- Involucrar a este colectivo nas actividades propostas neste plan, para que participen nas diferentes fases de actuación.</p> <p>- Coordinar ao conxunto de persoas voluntarias para que leven a cabo unha campaña de difusión en materia de igualdade e de fomento do voluntariado, coordinando ámbalas dúas vertentes.</p> <p>- Impulsar a participación masculina no ámbito do voluntariado por medio de actividades estereotipadas.</p>



VII. PARTICIPACIÓN NA VIDA SOCIAL E POLÍTICA

A maior presenza das mulleres en cada un dos ámbitos de representación social e política é unha realidade que está traendo consigo uns importantes beneficios para elas mesmas e para o conxunto da sociedade, transformando así a perspectiva xeral das actuacións. Sen embargo, para acadar o obxectivo dunha paridade política e social, é preciso seguir impulsando cambios que segan o mesmo camiño en de cara lograr unha representación equilibrada nos espazos de toma de decisión.

Como fin principal desta área está o de equiparar a participación social e política de mulleres e homes, polo que se propoñen unha serie de estratexias que pretenderán acadar este obxectivo. O ámbito territorial ao que se dirixen as actuacións do plan é o concello de Vedra na súa totalidade, polo que cabe facer un breve análise da composición do pleno municipal, para ver a representación política das mulleres. Aquí atopámonos con un total de:

- 8 integrantes masculinos.
- 5 integrantes femininos.

As medidas deben ir orientadas a abrir procesos permanentes de diálogo para a creación dun modelo de participación e representación equilibrado de mulleres e homes na toma de decisións e nos espazos públicos. Para iso, é imprescindible o fomento da capacitación, o asociacionismo e o protagonismo das mulleres no ámbito social e no persoal.

Por este mesmo motivo débemos ter en conta para esta área, a estreita relación co ámbito asociativo, do cal se fixo referencia no apartado anterior e mostramos os datos referentes ao municipio.



ÁREA: PARTICIPACIÓN NA VIDA SOCIAL E POLÍTICA	
OBXETIVO XERAL:	- Equiparar a participación social e política de mulleres e homes no municipio.
OBXETIVOS ESPECÍFICOS	
OBXETIVO 1	- Impulsar medidas que potencien a participación social das mulleres no concello.
ACTUACIÓNS	- Visibilizar e valorar a mulleres que participen nos distintos ámbitos do municipio.
	- Ofrecer apoio e asesoramento as empresas para a realización de plans en materia de igualdade.
	- Mostrar e achegar ao ámbito municipal outras experiencias que se levaron ou se están a levar a cabo en materia de igualdade.
OBXETIVO 2	- Incrementar a presenza de mulleres en asociacións, colectivos e no ámbito político.
ACTUACIÓNS	- Favorecer a participación activa das mulleres na vida pública, promovendo unha presenza máis equilibrada de homes e de mulleres nestes ámbitos.
	- Realizar campañas de sensibilización e fomento do principio de igualdade na realidade social do concello, para fomentar a participación das mulleres no eido social.
	- Orientar e dar información a aquelas mulleres que queiran integrarse ou por en marcha algún movemento de participación social.



VIII. EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

Educación, cultura e deporte son instrumentos básicos de transmisión de valores, pautas, actitudes e comportamentos que afectan a cada un dos ámbitos da nosa vida diaria, sendo medios que buscan o desenvolvemento e crecemento persoal dos individuos. Polo tanto, débense ter en conta á hora de fomentar valores e sensibilizar ao conxunto da poboación.

Educación en igualdade implica ter este concepto presente en cada unha das accións que se levan a cabo, implicando o ámbito escolar e cultural e impregnar a realidade social con termos de igualdade.

Neste Plan imos establecer unha serie de obxectivos e medidas a realizar. Para iso, primeiramente faremos un breve análise da situación particular deste municipio, con datos estatísticos que nos aproximen á realidade existente, así como dos medios e recursos xa existentes no municipio que están vinculados para incluílos nas propostas.

Datos moi identificativos reflexaos o índice de analfabetización, para saber a diferenza existente entre homes e mulleres. Como podemos observar na táboa seguinte referida a esta temática, as mulleres presentan un maior índice de analfabetización, cunhas cifras moi alarmantes. Debemos ter en conta que a incorporación da muller á educación foi en claro ascenso, tomando parte nas escolas e universidades e sendo na actualidade un feito consolidado. Pero estes datos poden ser reflexo de situacións anteriores, nas cales a presenza das mulleres neste ámbito era moito máis limitado, e no caso das universidades, case inexistente. A pesar desta evolución, debemos continuar facendo que tódalas mulleres teñan un acceso en igualdade de condicións e fomentar a súa formación. Vexamos a continuación a táboa na con datos de evolución do índice de analfabetización.

INDICE DE ANALFABETIZACIÓN

1991			2001		
HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
1,1 %	2 %	1,6 %	1,1 %	2 %	1,6 %

FONTE: IGE 2007

Estes datos reflexan a realidade das mulleres maiores, as cales non tiñan acceso ao ámbito escolar. Sen embargo, cabe destacar, que na actualidade a presenza da muller nas escolas é algo habitual e incluso chegan a ser maioritarias nas universidades.


Ademais dos datos estadísticos debemos ter en conta as medidas que se ofertan, tanto en educación, como en relación á cultura e ao deporte. Áreas todas elas con moita incidencia na transmisión de valores en materia de igualdade entre homes e mulleres.

Facendo un percorrido polos datos dos centros educativos, en relación á variable sexo e tendo en conta o número de nenos e nenas que hai matriculados en cada centro, mostramos as seguintes táboas de datos:

NENOS E NENAS MATRICULADOS NO C.P.I DE VEDRA

CURSO	SEXO		TOTAL
	NENOS	NENAS	
INFANTIL	16	22	38
PRIMARIA	70	62	132
E.S.O.	84	84	168
TOTAL	170	168	338


FORTE:C.P.I. DE VEDRA CURSO 2008-2009



NENOS E NENAS MATRICULADOS NO CEIP "ORTIGUEIRA"

CURSO	SEXO		TOTAL
	NENOS	NENAS	
INFANTIL	11	10	21
PRIMARIA	25	13	38
TOTAL	36	23	59


FONTE: CEIP "ORTIGUEIRA" CURSO 2008-2009



NENOS E NENAS MATRICULADOS NA ESCOLA UNITARIA DE SAN XIAN

CURSO	SEXO		TOTAL
	NENOS	NENAS	
INFANTIL	6	7	13
PRIMARIA	2	3	5
TOTAL	8	10	18


FORNTE: ESCOLA UNITARIA DE SAN XIAN CURSO 2008-2009



NENOS E NENAS MATRICULADOS NA ESCOLA UNITARIA DE SAN MIGUEL

CURSO	SEXO		TOTAL
	NENOS	NENAS	
INFANTIL	3	3	6
PRIMARIA	2	0	2
TOTAL	5	3	8


FONTE: ESCOLA UNITARIA DE SAN MIGUEL CURSO 2008-2009



NENOS E NENAS MATRICULADOS NA ESCOLA UNITARIA DE SAN FINS

CURSO	SEXO		TOTAL
	NENOS	NENAS	
INFANTIL	3	5	8
PRIMARIA	2	4	6
TOTAL	5	9	14


FONTE: ESCOLA UNITARIA DE SAN FINS CURSO 2008-2009



NENOS E NENAS MATRICULADOS NOS COLEXOS DO CONCELLO

COLEXIO	SEXO		TOTAL
	NENOS	NENAS	
CPI VEDRA	170	168	338
CEIP ORTIGUEIRA	36	23	59
SAN XIAN	8	10	18
SAN FINS	5	9	14
SAN MIGUEL	5	3	8
TOTAL	224	213	437

FONTE: COLEXOS DO CONCELLO DE VEDRA



Neste eido escolar, a pesar de que a diferenza en datos numéricos entre nenos e nenas non é significativa, debemos ter en conta esta área de intervención como medio e instrumento á hora de levar a cabo as actuacións propostas neste plan. Trátase dun ámbito no cal se está a educar, e fomentar valores de igualdade é un feito imprescindible para acadar a igualdade.

Un servizo que se oferta a nivel municipal de gran importancia e o programa de *Educación de Adultos*, por medio do cal se dá a oportunidade de acadar o graduado a aquelas persoas que non o acadaron no seu paso polo eido escolar. Por medio do mesmo, intentase dar unha mellora na formación destas persoas. Dentro do plan que estamos a propoñer, sería necesario integralo dentro das nosas medidas, intentando levar nel unha educación en igualdade. A continuación mostramos os datos referentes as persoas que participaron e están a participar neste programa os dous últimos cursos escolares. Son datos que indican a representación tanto de mulleres como de homes e que nos fan un achegamento a esta realidade.

EDUCACIÓN DE ADULTOS CURSO 2007/2008

IDADE	SEXO		TOTAL
	HOMES	MULLERES	
DE 17 A 26 ANOS	15	1	16
DE 27 A 36 ANOS	-	-	-
DE 37 A 46 ANOS	-	2	2
MÁIS DE 46 ANOS	-	-	-
TOTAL	14	4	18

FONTE: REXISTRO DE DATOS DO CONCELLO

EDUCACIÓN DE ADULTOS CURSO 2008/2009

IDADE	SEXO		TOTAL
	HOMES	MULLERES	
DE 17 A 26 ANOS	2	4	6
DE 27 A 36 ANOS	-	-	-
DE 37 A 46 ANOS	1	1	2
MÁIS DE 46 ANOS	-	2	2
TOTAL	3	7	10

FONTE: REXISTRO DE DATOS DO CONCELLO

As táboas anteriores mostran un gran cambio nun período dun ano, pasando dun número moito maior de homes ca de mulleres no curso anterior, a que a presenza de mulleres sexa predominante. Non só en números nos temos que centrar, senón que a debemos ter en conta como medio de fomento de valores.



Na área de cultura e deporte tamén son moitas as iniciativas que se están a levar a cabo no ámbito municipal, nas cales a participación da muller é moi importante e podemos ver unha clara diferenciación no tipo de actividades que desenvolven maioritariamente as mulleres, en relación cos homes. A variedade de actividades preséntase a continuación cunha relación entre actividades e sexo dos participantes.

PARTICIPACIÓN EN CURSOS DE FORMACIÓN MUNICIPAIS

ACTIVIDADE	SEXO		TOTAL
	MULLERES	HOMES	
CURSOS DE INGLÉS	33	23	56
CURSOS DE TEATRO	5	2	7
CURSO DE ARTES PLÁSTICAS	12	1	13
CURSOS DE INFORMÁTICA	20	13	33
CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS	15	9	24
TOTAL	85	48	133

FONTE: REXISTRO DE DATOS DO CONCELLO

A dirección que debemos tomar neste ámbito, é de equiparar o número de homes e de mulleres nas distintas actividades, non facendo diferenciación algunha por cuestión de xénero, tanto nas actividades culturais, como nas deportivas que se mostran a continuación.



PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES DEPORTIVAS

ACTIVIDADE	HOMES	MULLERES	TOTAL
SALA DE MUSCULACIÓN	16	2	18
XIMNASIA TERAPÉUTICA	-	2	2
FUTBOL SALA	1	-	1
PREDEPORTE	1	-	1
AERÓBIC	-	16	16
AERÓBIC ADULTOS	-	23	23
AERÓBIC INFANTIL	-	7	7
XOGOS INFANTÍS	8	6	14
TENIS	-	3	3
BALONCESTO	5	1	6
XIMNASIA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	1	2	3
XIMNASIA MANTEÑEMENTO	1	23	24
MULTIDEPORTE	13	6	19
PATINAXE	3	16	19
XIMNASIA DE VERÁN	1	15	16
TOTAL	50	122	172

FONTE: REXISTRO DE DATOS DO CONCELLO

Vemos como son moitas mais as mulleres que participan nas actividades deportivas a nivel municipal, cun 70,9%. Pero é importante fixarnos na diferenza existente polo tipo de actividade que se leva a cabo, e dende este plan facer propostas para equiparar o número de homes e mulleres.

Segue a haber estereotipos e diferenciacións en canto a tipo de actividade, polo que a eliminación desas barreiras para o acceso en igualdade de condicións entre homes e mulleres, é un obxectivo a plantexar nesta área con actuacións que se mostran a continuación.

Este sector referente ao deporte, móstranos datos que debemos ter en conta na área de saúde que se mostra con posterioridade neste plan, posto que se trata dun medio de prevención e técnica para a mellora do noso estado de saúde. A continuación, vemos os obxectivos e actuacións propostas para esta área.



ÁREA: EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE	
OBXETIVO XERAL:	- Fomentar unha maior presenza de mulleres nos ámbitos de educación, cultura e deporte, e fomentar nos mesmos a desaparición de aspectos desigualitarios.
OBXETIVOS ESPECÍFICOS	
OBXETIVO 1	- Propoñer, deseñar e cooperar en actuacións e proxectos coeducativos para corrixir desigualdades a través da educación.
ACTUACIÓNS	- Deseñar actividades extraescolares con temáticas de igualdade para traballar no eido escolar fóra das aulas.
	- Impartir formación en materia de igualdade e resolución de conflitos en ANPAS con estratexias e habilidades resolutivas.
	- Impulsar medidas para a convivencia entre nenas e nenos por medio de medidas de educación en valores de igualdade, por medio de convivencias ou talleres de fomento destes principios.
OBXETIVO 2	- Impulsar e potenciar a formación e o desenvolvemento persoal das mulleres.
ACTUACIÓNS	- Establecer medidas que faciliten o acceso á educación, desenvolvéndoo nun amplo espectro horario.
	- Facilitar especialmente a incorporación á educación de colectivos de mulleres con especial vulnerabilidade.
OBXETIVO 3	- Facilitar a formación de educadores/as formais e non formais, tanto no ámbito escolar coma no familiar.
ACTUACIÓNS	- Incrementar as accións formativas para o profesorado de educación sobre valores igualitarios nunha educación non sexista.
	- Realizar accións formativas non formais, no eido da educación en igualdade.
	- Deseñar materiais didácticos con instrumentos e estratexias que faciliten o tratamento desta temática.

OBXETIVO 4	- Sensibilizar aos colectivos para que identifiquen e modifiquen actitudes e conductas sexistas.
ACTUACIÓNS	- Protagonizar Xornadas e Actos, dentro do recoñecemento a nivel internacional da muller.
	- Realizar un estudo sobre a importancia das mulleres na historia, por medio dun traballo de campo con recollidas de datos dos propios habitantes do concello.
	- Crear espazos de encontro e diálogo entre homes e mulleres para superar situacións de desigualdade.
	- Fomentar xuntanzas e foros de debate que traten diferentes temáticas propostas polos habitantes do concello, orientadas a introducir o concepto de igualdade.
	- Divulgar a acción cultural e artística das mulleres.
	- Promover actuacións que visibilicen as aportacións das mulleres no ámbito.
OBXETIVO 5	- Equiparar as actividades, tanto deportivas como culturais, evitando así diferenciacións por cuestión de sexo.
ACTUACIÓNS	- Visibilizar a mulleres que desempeñen actividades deportivas ou culturais nas que estean pouco representadas.
	- Visibilizar a homes que desempeñen actividades deportivas ou culturais nas que estean pouco representados.
	- Integrar a homes e a mulleres nas mesmas actividades sen diferenciación algunha por tipo de actividade cultural ou deporte a desenvolver.
	- Levar a cabo campionatos deportivos de equipos mixtos para o fomento da igualdade nos xogos de equipos.



IX. SAÚDE

O estado de saúde, é un dos indicadores que miden a evolución da calidade de vida dunha sociedade. Polo que dende esta área búscase crear conciencia da importancia que ten a prevención e un axeitado coidado da nosa mente e do noso corpo. O deporte é unha vía para a prevención para moitas problemáticas en materia de saúde, e vemos que dende o nivel municipal se ofertan un conxunto de actividades deportivas nas que o índice de participación feminina é moi superior á participación masculina. As medidas plantexadas encamiñaranse a seguir incrementando o número de persoas que practiquen algún deporte, pero sempre dende unha perspectiva igualitaria.

No concello de Vedra, ámbito de aplicación do plan, recóllense os seguintes datos referentes a esta área de intervención:

- **NÚMERO DE HABITANTES CON TARXETA SANITARIA RESIDENTES NO CONCELLO : 4799**
 - De 0-14 anos: 484 habitantes
 - De 15-64 anos: 3.246 habitantes
 - Máis de 64 anos: 1.064 habitantes

Se votamos unha ollada aos datos reflexados, vemos como existe unha gran porcentaxe de poboación usuaria dos servizos sanitarios municipais maior de 64 anos de idade, sendo neste sector poboacional a maioría mulleres.

Un rango de idade a diferenciar é o de mulleres entre 15 e 45 anos de idade, posto que se considera un colectivo cun alto índice de vulnerabilidade.

- **MULLERES COMPRENDIDAS ENTRE 15 E 45 ANOS DE IDADE: 999**

A este colectivo deben dirixirse campañas de prevención, coas medidas axeitadas e a información relacionada coas mesmas. A coordinación co centro de saúde para colaborar coas súas propostas e campañas, así como involucralos nas medidas municipais que afectan a este sector. Debemos ter en conta os recursos existentes a nivel municipal, onde existe un centro de saúde con persoal da area de medicina xeral, pediatría e enfermería, contendo cun servizo de derivación para aquelas consultas e intervencións en áreas especializadas. Tendo en conta as peculiaridades en canto á problemáticas de saúde das mulleres, pretendemos orientar as intervencións do plan, en búsqueda dos obxectivos plantexados a continuación por medio de diversos proxectos de intervención.



ÁREA: SAÚDE	
OBXETIVO XERAL:	- Detectar as problemáticas existentes en materia de saúde nas mulleres de Vedra e mellorar a información referentes a esta temática.
OBXETIVOS ESPECÍFICOS	
OBXETIVO 1	- Mellorar e incrementar a información no concello sobre temas de saúde na muller.
ACTUACIÓNS	- Elaborar e difundir un folleto informativo acerca da saúde na muller, en colaboración co centro médico.
	- Integrar a información referente a esta temática nos medios de comunicación e difusión municipais.
	- Visibilizar as situacións sociais que fan enfermar as mulleres.
OBXETIVO 2	- Aumentar a formación en materia de saúde, aumentando a responsabilidade no seu benestar físico, mental e emocional.
ACTUACIÓNS	- Reforzar e ampliar programas de detección e prevención de enfermidades nas mulleres existentes nos diferentes ámbitos do concello.
	- Crear talleres de formación en saúde dirixidos especialmente as mulleres, atendendo as peculiaridades correspondentes.
	- Axudar as mulleres a diferenciar as situacións que lles supoñen risco para a súa saúde e sexan activas no seu coidado e benestar promovendo hábitos saudables e reaccións satisfactorias.
OBXETIVO 3	- Coñecer as necesidades existentes na realidade social do concello en materia de saúde.
ACTUACIÓNS	- Crear espazos de debate para detectar as demandas das mulleres do municipio no ámbito de saúde.
	- Elaborar un estudo por medio de sondeos a mulleres do concello, acerca das problemáticas maioritarias en materia de saúde, no cal se recollan as dúbidas máis representadas.

OBXETIVO 4	- Sensibilizar a poboación acerca das problemáticas de saúde das mulleres por razóns de xénero.
ACTUACIÓNS	- Sensibilizar á poboación acerca das problemáticas de saúde existentes atendendo a cuestións de xénero.
	- Formación aos profesionais que atenden estas especificidades para evitar nas súas actuacións despostas basadas en estereotipos.
	- Apoiar o asociacionismo e os grupos de autoayuda nestos colectivos.



X. SERVIZOS SOCIAIS

Os Servizos Sociais a nivel municipal, teñen como finalidade informar, orientar e asesorar acerca dos dereitos sociais e o procedemento para o seu exercicio. A finalidade principal é a de mellorar a calidade de vida da poboación en xeral, e facendo especial incidencia naqueles colectivos máis desfavorecidos. Dende aquí, a labor por acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres é fundamental.

Facendo un pequeno percorrido pola situación que presenta o concello de Vedra en materia de servizos sociais, cabe destacar que a maior demanda por parte do colectivo de mulleres, xira en torno ao ámbito laboral e a unha mellora na súa formación. Ter un emprego moitas veces parece unha labor complicada, que ten maiores dificultades para as mulleres que para os homes, e a isto engádeselle a problemática da falta dunha formación axeitada. Atendendo as demandas, esta área de servizos sociais implicarase cos obxectivos da área de formación e emprego. Relacionada con esta problemática, está a demanda da mellora dos medios de transporte público, posto que aquelas persoas que non posúan medios propios para desprazarse, teñen moi complicado o acceso aos cursos de formación que se ofrezan, e incluso a postos de traballo. Estas demandas reflexadas neste ámbito, orientaran as propostas e obxectivos do plan.

Facendo tamén un percorrido polos datos das intervencións feitas polo departamento correspondente a esta área, vemos como as estatísticas de mulleres usuarias superan a dos homes. Centrándonos nos programas, destacar que o 60% das minusvalías tramitadas foron dirixidas a mulleres. No programa de axuda a domicilio tamén se mantén a balanza. Este feito pode vir xustificado polo maior porcentaxe de mulleres que hai maiores de 65 anos e en moitos casos, vivindo soas.

A intervención centrase nas demandas realizadas por parte da poboación, que reflicten as necesidades manifestadas e sempre coa finalidade última de mellorar os recursos e o seu funcionamento, así como lograr que toda a poboación teña un coñecemento dos existentes.



ÁREA: SERVIZOS SOCIAIS	
OBXECTIVO XERAL:	- Mellorar os recursos e servizos sociais existentes no municipio, destinados á área da muller.
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	
OBXECTIVO 1	- Achegar á poboación información dos recursos e servizos existentes no eido dos servizos sociais, para mellorar a situación da muller.
ACTUACIÓNS	- Informar as mulleres dos recursos e prestacións sociais existentes, orientando as mulleres que así o soliciten en cada situación concreta.
	- Difundir mediante diversos soportes informativos, as medidas levadas a cabo nesta área de intervención.
OBXECTIVO 2	- Disminuir as problemáticas reflexadas mediante actuacións de cambio social, por medio dunha intervención directa.
ACTUACIÓNS	- Desenvolver propostas de integración social e cultural dirixidas especialmente a mulleres con maior índice de vulnerabilidade.
	- Potenciar os recursos existentes, como a ludoteca ou a gardería, para aquelas mulleres con cargas familiares.
	- Reserva expresa de prazas dentro dos programas e prestacións de inclusión social, para mulleres en situación de especial vulnerabilidade.
OBXECTIVO 3	- Analizar a realidade existente das problemáticas sociais das mulleres do concello de Vedra.
ACTUACIÓNS	- Analizar o perfil das demandas recollidas nos servizos sociais, coa finalidade de programar novas actuacións ou complementar as xa existentes.
	- Realizar un estudo das problemáticas das mulleres, usuarias de servizos sociais, que orienten as futuras intervencións neste ámbito.
	- Recoller información e demandas feitas por aquelas mulleres que non sexan usuarias de servizos sociais, por medio de sondeos que recollan a realidade deste colectivo, así como propostas de intervención.

XI. URBANISMO E VIVENDA

A vivenda é un claro reflexo da calidade de vida que presenta cada unidade familiar, polo que debe posuír unhas condicións mínimas de habitabilidade. O camiño para acadar a igualdade de oportunidades, tamén debe centrarse en acadar os demais dereitos que lles corresponden como cidadás, entre os cales se atopa o dereito a unha vivenda digna. As medidas desta área, irán centradas a facilitar as mulleres o acceso a unha vivenda nestas condicións, así como a súa integración no medio.

A continuación, facilítanse os datos referidos ao número de vivendas que hai no concello, así coma os membros que residen nela:

- 1 RESIDENTE: 192 vivendas
- 2 RESIDENTES: 241 vivendas
- 3 RESIDENTES: 243 vivendas
- 4 RESIDENTES: 272 vivendas
- 5 RESIDENTES: 222 vivendas
- 6 OU MÁIS RESIDENTES: 215 vivendas

- **TOTAL DE VIVENDAS: 1.385**
- **TAMAÑO MEDIO DO FOGAR: 3,6 habitantes.**

FONTE: INE 2001 (CENSO DE POBOACIÓNS E VIVENDAS)

Destacar dentro destes datos, o número de persoas que viven soas, posto que unha porcentaxe importante está formada por mulleres maiores.

En torno a este dereito e aos fins deste plan, plantexase a continuación o seguinte cadro de actuacións:



ÁREA: URBANISMO E VIVENDA	
OBXETIVO XERAL:	- Facilitar o acceso e lograr a integración plena das mulleres, nos ámbitos da vivenda e o medio no que se relaciona.
OBXETIVOS ESPECÍFICOS	
OBXETIVO 1	- Mellorar as condicións de vida no municipio, facilitando o acceso aos ámbitos e medios públicos do conxunto da poboación.
ACTUACIÓNS	- Elaborar un estudo das barreiras de accesibilidade existentes no municipio.
	- Crear espazos públicos propicios para adaptarse as necesidades familiares existentes.
OBXETIVO 2	- Facilitar o acceso a unha vivenda ao colectivo de mulleres.
ACTUACIÓNS	- Informar as mulleres dos recursos e axudas existentes para o acceso a unha vivenda.
	- Difusión as mulleres das axudas destinadas a adquisición e rehabilitación de vivendas.
	- Diminuír as barreiras de acceso á vivenda para este colectivo, como poden ser o desemprego, as cargas familiares...
	- Levar a cabo medidas de inserción sociolaboral, para propiciar condicións que faciliten o acceso a vivenda.



XII. CONSUMO E MEDIO AMBIENTE

Neta área, orientase a intervención de cara a consecución dun consumo igualitario. Aquí é moi importante o papel dos medios de comunicación e os estereotipos existentes. Son moitas as campañas de publicidade que envían mensaxes escondidas que fomentan a desigualdade, polo que se deben lanzar actuacións dirixidas a dismantelar e facer conscientes ao conxunto da cidadanía da existencia das mesmas. Ao mesmo tempo, debemos propor a súa involucración para eliminar a existencia de estereotipos neste ámbito. Dende a cor empregada para mostrarlle ao consumidor, ata a imaxe dunha muller ou dun home acompañando ao produto que queren vender, son moitos os elementos que marcan a existencia de desigualdades neste ámbito e que van orientar a intervención.

Facendo referencia a outro ámbito de implicación, a nivel municipal, puxéronse en marcha diversos proxectos en materia de medio ambiente, tanto para ofertar formación neste sector como a nivel de concienciación por diferentes vías. Nos obxectivos deste plan, deben incluírse a participación igualitaria nestas medidas, e fomentar de xeito prioritario o acceso as mulleres á formación nesta materia. Ao mesmo tempo, búscase facilitar a incorporación laboral da muller nun campo no que prima a participación masculina. Tendo en conta os proxectos xa postos en marcha, así coma outros novos que se poidan levar a cabo, introducíranse unha perspectiva de xénero e intentarase equiparar o número de homes e de mulleres participantes en cada unha das actuacións.



ÁREA: CONSUMO E MEDIO AMBIENTE	
OBXETIVO XERAL:	- Fomentar un consumo igualitario entre homes e mulleres e acadar unha participación igualitaria en materia de medio ambiente.
OBXETIVOS ESPECÍFICOS	
OBXETIVO 1	- Eliminar estereotipos existentes dun consumo sexista, impulsando valores de igualdade.
ACTUACIÓNS	- Levar a cabo xornadas e obradoiros de análise dos medios publicitarios e as súas técnicas sexistas, así como a súa influencia na poboación.
	- Levar a cabo campañas de sensibilización dun consumo en igualdade.
	- Fomentar nos ámbitos educativos, a importancia dun consumo sen desigualdades, por medio de intercambio de xoguetes ou obradoiros diversos.
OBXETIVO 2	- Incrementar a presenza de mulleres en materia de medio ambiente.
ACTUACIÓNS	- Inculcar unha maior participación das mulleres no sector do medio ambiente, por medio de xornadas ou cursos de formación.
	- Facilitar a incorporación laboral das mulleres a este sector de ocupación.
	- Visibilizar e valorar a figura da muller adicada a este ámbito.



7. ESTRUCTURA OPERATIVA, TEMPORALIZACIÓN E ORZAMENTO.

O I Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Vedra 2009-2013 é unha medida da administración pública municipal de Vedra, dende a cal se levará a cabo o cumprimento do plan. Estará tutelado por unha comisión transversal de seguimento, que se encargará da supervisión dos procesos de execución. Esta terá un carácter consultivo, informativo e executivo, formada por persoal técnico da administración e presidida pola Concelleira de Servizos Sociais. As funcións que deberá de desempeñar son:

- Impulsar as medidas contempladas no plan para que estas se realicen.
- Proponer outras medidas de actuacións non incluídas no plan, ou modificar as xa existentes.
- Realizar un seguimento periódico que permita establecer melloras das actuacións.
- Aprobar a memoria anual.
- Elevar propostas ao Pleno Municipal e a outras institucións relacionadas cos obxectivos e contidos do plan.
- Establecer criterios de coordinación entre as distintas Áreas e entidades en relación ao desenvolvemento dos programas e proxectos establecidos.

O plan intégrase por unha acción municipal a desenvolver e coordinar polo departamento de Servizos Sociais co persoal técnico destinado ao seu cumprimento, en colaboración coas distintas áreas municipais. Ademais de dita coordinación a nivel interno, o plan incorpora funcións de apoio, impulso e cooperación con outras asociacións e entidades que, dende os seus ámbitos de actuación, levan a cabo labores de igualdade e promoción da muller. Así mesmo, a organización do plan está aberta á participación de outras institucións públicas dedicadas tamén a ditos obxectivos.

A posta en marcha das medidas recollidas no plan, estarán en vigor durante o período 2009-2013, adaptando as mesmas aos cambios establecidos e engadindo as actuacións que se estimen necesarias. A planificación das actividades realizarase de xeito anual para unha avaliación anual, que determinara grao de cumprimento e satisfacción das mesmas. Polo tanto, a proposta orzamentaria establecece para un ano, sendo aplicable aos posteriores e tendo en conta os cambios precisos para a mellora das medidas.



Según as actividades e actuacións propostas polo Plan de Oportunidades, estimamos os seguintes custos, en base as diferentes áreas nas que pretendemos facer incidencia.

ORZAMENTO

CONCEPTO

CUSTO ESTIMADO

CAMPAÑA DE DIFUSIÓN E INFORMACIÓN

- Carteis	400 €
- Folletos	500 €
- Publicación e encadernación	250 €
- Facsímiles de notas informativas	400 €
Subtotal:	1.550 €

REALIZACIÓN DE XORNADAS E ACTOS

XORNADAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Campaña de difusión	500 €
Materiais de soporte	100 €
Poñentes	150 €
Recepción	400 €
Subtotal:	1.150 € €

XORNADAS DO DÍA DA MULLER TRABALLADORA

Campaña de difusión	500 €
Materiais de soporte e imprevistos	100 €
Poñentes	150 €
Recepción	400 €
Subtotal:	1.150 €

INTERCAMBIOS DE EXPERIENCIAS

Campaña de difusión	400 €
Materiais de soporte	100 €
Recepción	400 €
Subtotal:	900 €

ENCUNTROS E INTERCAMBIOS

Difusión	400 €
Recepción	500 €
Materias de soporte	150 €
Desprazamento	300 €
Subtotal:	1.350 €

ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

XORNADAS DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Difusión	200 €
Formadores	500 €
Material didáctico e formativo	300 €
Soportes formativos	50 €
Subtotal:	1.050 €

OBRADOIROS DE FORMACIÓN E EMPREGO

Formadores	1500 €
Material didáctico e formativo	1000 €
Subtotal:	2.500 €

XORNADAS DE ORIENTACIÓN NA XESTIÓN ASOTIATIVA

Difusión	200 €
Formadores	500 €
Material didáctico e formativo	500 €
Subtotal:	1.200 €

OBRADOIROS DE FORMACIÓN A FORMADORES

Difusión	200 €
Formadores	1500 €
Material didáctico e formativo	1000 €
Subtotal:	2.700 €

TALLERES DE FORMACIÓN EN SAÚDE

Difusión	200 €
Formadores	1500 €
Materiais	500 €
Guías didácticas preventivas	500 €
Subtotal:	2.700 €

XORNADAS: OS ESTEREOTIPOS SEXISTAS NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Difusión	200 €
Formadores	300 €
Material didactico	500 €
Soporte Audiovisual	500 €
Subtotal:	1.500 €

XORNADAS DE FORMACIÓN MEDIOAMBIENTAL PARA MULLERES

Difusión	200 €
Formadores	500 €
Material didáctico e formativo	500 €
Subtotal:	1.200 €

CONCURSOS DE TEATRO

Campaña de difusión	200 €
Materiais, decorados, vestiarios, ...	600 €
Formadores	500 €
Galardóns	350 €
Subtotal:	1.650 €

CAMPIONATOS DEPORTIVOS

Desenvolvemento da actividade	500 €
Materias promocionais	600 €
Galardóns	500 €
Subtotal:	1.600€

ESTUDIOS POBOACIONAIS

Material papelería (enquisas, propostas...)	200 €
Subtotal:	200 €

PROXECTO DE BANCO DE TEMPO**INTERCAMBIOS**

Recepción	500 €
Desprazamento	400 €
Materiais de soporte	200 €
Materiais promocionais	600 €

XUNTANZAS

Materiais	200 €
-----------	-------

CAMPAÑA DE DIFUSIÓN

Carteis	400 €
Folletos	500 €
Boletíns informativos periódicos	1500 €
Xornada de presentación	500 €
Subtotal:	4.800 €

IMPREVISTOS

2.680 €

Custo	
Total	29 480 €
Proposto:	

- O orzamento proposto correspondese ao custe dun ano de vixencia do plan, aumentando a proposta orzamentaria para cada ano no incremento do IPC.

8. MARCO XURÍDICO

ÁMBITO INTERNACIONAL

A nivel internacional, podemos recoller diferentes normativas e regulamentos en materia de igualdade. No marco das Nacións Unidas atopamos:

- **Carta fundacional de 1945.** Nela recollese o compromiso de reafirmar a fe nos dereitos fundamentais, na dignidade e o valor da persoa, na igualdade de dereitos de homes e mulleres.
- **Declaración sobre a Eliminación da discriminación contra as mulleres en 1967.**
- **A Convención de Nacións Unidas, de 18 de decembro de 1979 sobre Eliminación de Todas as Formas de Discriminación contra a Muller,** ratificada polo Estado Español en 1983, establece obrigas en materia de igualdade de dereitos, na esfera política, económica, social, cultural e civil. Tamén dispón de medidas que garantan a igualdade no acceso á educación, ao emprego, e a impulsar a igualdade de responsabilidades na esfera familiar.

“A adopción polos Estados Partes de medidas especiais de carácter temporal encamiñadas a acelerara igualdade de facto entre o home e a muller non se considerará discriminación na forma definida na presente convención, pero de ningún xeito entrañará como consecuencia, o mantemento de normas desiguais ou separadas; estas medidas cesarán cando se acadasen os obxectivos de igualdade de oportunidade de trato”

Artigo 4.1

- No marco das políticas de igualdade de Nacións Unidas, organízanse as **Conferencias Mundiais sobre as Mulleres** que pretenden elaborar propostas para que en todos os países e rexións do mundo se garantan os mesmos dereitos e oportunidades para mulleres e homes e se produza un cambio de actitudes necesario para que mulleres e homes compartan responsabilidades en todos os ámbitos.

No marco da **Organización Internacional do Traballo** cabe destacar:

- O preámbulo da constitución da Organización Internacional de Traballo en 1919, afírmase o principio de salario igual por n traballo de igual valor. En 1958 aproba convenios e diferentes recomendacións contra a discriminación no emprego, a favor da igualdade de remuneración e do reparto de responsabilidades familiares.
- **Declaración sobre a Igualdade de Trato e de Oportunidades para as Traballadoras, en 1975.**
- **Resolución sobre a Igualdade de Trato e Oportunidades para as Traballadoras e Traballadores no emprego, en 1985.**

ÁMBITO EUROPEO

A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é unha cuestión clave na construción europea, onde son necesarias e valorables todas as contribucións das cidadás e cidadáns que a compoñen. No ámbito legislativo cabe destacar:

- O **Tratado de Roma**, en 1957, constitutivo da Comunidade Económica Europea, no seu artigo 119 mantén a aplicación do principio de Igualdade de retribución para traballadores masculinos e femininos para o mesmo traballo.
- O **Tratado de Amsterdam**, establécese unha igual retribución para traballo de igual valor.
- No marco das políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, desde 1982, fóronse desenvolvendo **programas de Acción Comunitaria**.



ÁMBITO ESTATAL

- “Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”.
(Artigo 9 da Constitución Española)
 - “Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social”.
(Artigo 14 da Constitución Española)
 - Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro de medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
 - Orden APU/526/2005, do 7 de marzo, polo que se dispón á publicación do Acordo do Consello de Ministros do 4 de marzo do 2005, polo que se aproba o Plan para a Igualdade de xénero na Administración Xeral do Estado.
 - Lei 39/2006 de Promoción e Autonomía persoal e Atención as persoas en situación de dependencia.
 - Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- >> Plans de Igualdade de Oportunidades.
- O Estatuto dos Traballadores regula tamén a non discriminación para e no emprego por razóns de sexo; nas relacións laborais, no sistema de clasificación profesional, nos ascensos e nas remuneracións.
 - A creación en 1983 do Instituto da Muller permitiu a porta en marcha de políticas de igualdade con ámbito estatal, posibilitando reformas legais e o desenvolvemento de programas de actuación.



ÁMBITO AUTONÓMICO

- “Os dereitos, liberdades e deberes fundamentais dos galegos son os establecidos na Constitución”
- “Correspóndelles ós poderes públicos de Galicia promove-las condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remove-los atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilita-la participación do tódolos galegos na vida política, económica, cultural e social”.

(Artigos 4.1 e 4.2 do Estatuto de Autonomía)

- Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, mediante a cal se crea o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, como organismo autónomo adscrito á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado. O seu obxectivo é *“promover a igualdade de dereitos e a non discriminación entre homes e mulleres e a participación e integración da muller na vida social, cultural, económica e política de Galicia”*.
- O Decreto 312/1999, do 11 de novembro, refunde o decreto que establecía a estrutura orgánica e funcional do Servizo Galego de Igualdade do Home e da Muller e a Orde que o desenvolvía e reorganiza tamén os dos órganos colexiados adscritos: A Comisión Autónoma da Muller e a Comisión Asesora de Publicidade non Sexista.
- A Lei 7/2004, de 16 de xullo para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobada o 15 de xuño de 2004 polo Parlamento de Galicia.
- Decreto 182/2004, do 22 de xullo, polo que se regulan os centros de información ás mulleres e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento.
- Resolución do 2 de marzo de 2006 pola que se regulan as bases para a concesión de prestacións periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede a súa convocatoria.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do Traballo en Igualdade de Mulleres de Galicia.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

>> Plans de Igualdade de Oportunidades para as mulleres galegas.



9. AVALIACIÓN

Cando falamos de avaliación referímonos a valorar e construír coñecemento, e para iso hai que saber interpretar cada dato que nos aportará información e vamos permitir establecer visións non simplificadas da realidade. De dita avaliación emitiranse xuízos de valor establecidos a partires da construción de indicadores de eficiencia, eficacia, incidencia, cobertura, coherencia, idoneidade e impacto, entre outros, e da súa posterior interpretación.

Trátase dun proceso reflexivo e rigoroso de indagación sobre a realidade obxecto de estudio. Neste caso, centrarémonos nos homes e mulleres do municipio de Vedra, poboación a cal van dirixidas as actuacións deste plan. Nesta etapa, o obxectivo é coñecer a súa incidencia, repercusión das accións e o grao de desenvolvemento das medidas programadas.

A avaliación debe ser considerada como un proceso continuo que estará presente ao longo de tódalas fases do plan, é dicir, dende a primeira fase de planificación, ata o remate do plan. Conta de 4 etapas diferenciadas:

1. **PLANIFICACIÓN:** Nela defínese o que se vai avaliar, si se trata dunha actividade, dunha medida ou dun obxectivo. Esta determinará o tipo de avaliación que se vaia a emprender así como os obxectivos que se busquen e o tipo de indicador a ter en conta.

2. **IMPLEMENTACIÓN:** Lévese a cabo por medio da recollida de información e para iso determínase que indicador vamos empregar para valorar o grao de cumprimento dos compromisos que se adquiren. A información pode recollese por diversos medios, pero debe realizarse de xeito fiable, documentando cada unha das medidas.

3. **DEFINICIÓN DE INDICADORES:** Durante esta etapa deséñanse e constrúense indicadores de seguimento, para ver como se vai desenvolvendo o plan.

4. **ANÁLISE E REDACCIÓN DE INFORMES PERIÓDICOS:** Esta etapa busca responder as preguntas de partida para saber si a medida foi satisfactoria e axeitada. Facendo unha elaboración de datos, avaliando o contraste e as conclusións que se acadan do mesmo. Esta última etapa vamos permitir definir as próximas liñas de actuación.

Na avaliación empregaranse indicadores cuantitativos e cualitativos. Os indicadores cuantitativos empregan unha metodoloxía na cal se recollen e analizan datos numéricos sobre variables e recolle cantidades. Por outra banda, os indicadores cualitativos, céntranse na recollida de opinións e outros datos subxectivos como apreciacións, grao de satisfacción, calidades ou actitudes.

Combinando ámbolos dous, deben medir os índices de cobertura, de viabilidade e de participación.

ÍNDICE DE COBERTURA: Nº DE BENEFICIARIOS / POBOACIÓN DESTINATARIA

ÍNDICE DE VIABILIDADE: RECURSOS NECESARIOS / RECURSOS DISPOÑIBLES

ÍNDICE DE PARTICIPACIÓN: Nº PARTICIPANTES / POBOACIÓN DESTINATARIA

Para a avaliación continuada, os indicadores de seguimento estarán presentes en cada programa e área, e os datos recolleranse de cada actuación mediante os seguintes indicadores:

- **INDICADORES DE SEGUIMENTO:**

CUANTITATIVOS:

Nº DE ACTUACIÓNS REALIZADAS: Contabilizar todas aquelas actividades, tarefas e medidas que se levan a cabo facendo unha diferenciación por tipo e en cada unha das áreas que recolle o plan.

Nº DE INSTRUMENTOS E RECURSOS: rexistrar o número de materiais empregados nas actuacións, como poden ser folletos, carteis, trípticos...

Nº DE MATERIAL EDITADO E DISTRIBUÍDO: contabilizar o número de medios de difusión empregados para poder estimar a cantidade de persoas tiveron acceso á información.

Nº DE PERSOAS PARTICIPANTES: tendo en conta as actuacións realizadas no plan, mediranse o número de persoas que participaron en cada unha delas, medindo con indicadores cualitativos, o grao de satisfacción dos mesmos.

Nº DE PERSOAS BENEFICARIAS: diferenciando as persoas beneficiarias das participantes, contabilizaranse ámbalas dúas. As beneficiarias serán aquelas que se lles aplica directamente unha medida, e a forma de recoller os datos serán por medio do número de proxectos individualizados ou outras intervencións.

SERVIZOS CREADOS: ademais de medidas e actuacións, algunhas propostas fan referencia á creación de servizos demandados, como os bancos de tempo ou a amplitude de horarios para a conciliación entre outros. Este indicador establecerá cantos xurdiron a partires da implementación deste plan.



CUALITATIVOS:

ENQUISAS: realizaranse diversas enquisas como medios de avaliación, tanto con anterioridade a posta en funcionamento das medidas do plan, como con posterioridade para recoller as opinións das medidas realizadas.

A realizadas con anterioridade, buscan coñecer as necesidades existentes na realidade social, así como as demandas da poboación.

As enquisas que midan o nivel de funcionamento das actuacións, serán destinadas as persoas participantes, nas que se recollerán grao de satisfacción, opinións e propostas para melloralas.

Outro tipo de enquisas son as que se fagan en áreas concretas e que pretendan levar a cabo un estudio dun ámbito.

BUZÓN DE SUXERENCIAS: Onde se recollan opinións e críticas constructivas.

OBSERVACIÓN: A propia observación serviranos como medio para establecer se unha actuación resulta axeitada e acada os obxectivos marcados, polo que este indicador, inmerso na realidade, nos serve para a recollida de datos e a elaboración dunha avaliación subxectiva.

A avaliación estará presente en todo o proceso, polo que a recollida de datos por medio destes indicadores será permanente, e iranse realizando **Informes** periodicamente que analicen as medidas: grao de cumprimento das mesmas, de idoneidade, e melloras que se deben implantar.

Ao finalizar o período de vixencia do Plan, realizarase unha **Memoria** a modo de documento resumen, no cal se recolla toda a información relativa a cada unha das actuacións que se desenvolva no marco do presente plan.

Tal e como se establecen na introducción do plan, a finalidade última é acadar un ámbito máis igualitario entre homes e mulleres e facer da institución municipal un modelo e exemplo de implementación da perspectiva de xénero. Feito necesario para acadalo é a vontade, compromiso e consenso político que impulsen as medidas necesarias.

